



## INFORME ENCONTRO.

**ESTILOS DE VIDA SAUDABLES NA UNIVERSIDADE: ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN NO MARCO DA REDE ESPAÑOLA DE UNIVERSIDADES SAUDABLES.**

**ESCOLA DE SALUT PÚBLICA DE MENORCA, LAZARETO DE MAÓ, 24-25 de Setembro de 2015.**

Establecéronse tres liñas/grupos de traballo:

### **1.- Estratexias e políticas de saúde nas universidades.**

Que se entende por Universidade Saudable como política transversal de participación universitaria e cidadá?.

Desenvólvese un borrador de decálogo de propostas para transformar unha Universidade nunha Universidade Saudable. Enviarase a Reitores/CRUE e publicitarase en artigo.

As principais liñas do decálogo, pendentes de desenvolver, son:

- Información/Concienciación/Participación.
- Comunicación/Visibilidade.
- Análise Saúde/Social.
- Estruturación.
- Novas actividades.
- Resultados/Avaliación.
- Memoria.
- Investigación.
- Publicación.
- Revisión Plan Estratéxico/Apoio Económico.

### **2.- O campus como contorna saudable: promoción de estilos de vida saudable.**

Despois de analizar os recursos de 20 das 37 universidades REUS detállanse oito áreas de actuación e múltiples programas.

As áreas de actuación saudable definidas neste encontró, no contexto mencionado, son:

- Alimentación.

- Actividade Física.
- Saúde Mental/Emocional/Benestar.
- Saúde Laboral.
- Sustentabilidade/Medio-ambiente.
- Discapacidade/Integración/Cooperación.
- Sexualidade.
- Outras: Promoción da Saúde en xeral, Enfermidade, Drogas/Alcol/Tabaco, Lecer Saudable.

Solicitarán ás 17 universidades os seus recursos e programas. A Universidade da Coruña está pendente de responder. Enviarannos formulario para concretar o Banco de Recursos REUS, que contestarase unha vez teñamos vosas respostas para o Banco de Recursos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, cuxo prazo quedou establecido para o día 16 de Outubro de 2015. Ambos bancos, para dar visibilidade, son asuntos diferentes.

Unha vez obtéñanse os datos de todas as universidades REUS, informarase sobre as áreas e todos os programas/recursos saudables destas universidades.

### **3.- Aspectos de saúde nos pregos de condicións con empresas contratadas polas universidades (restauración, limpeza, xestión de residuos, etc.).**

Defínense, nun debate moi interesante, os avances e dificultades en relación coa inclusión de aspectos saudables en pregos de contratación. Existen modelos desenvolvidos que inclúen directrices sobre promoción de saúde en universidades españolas (*Universidad Rey Juan Carlos, Universitat Illes Balears, Universidad de Sevilla, Universidad Miguel Hernández, Universidad de Alicante, Universidad Pública de Navarra*, entre outras) que presentaranse como posibles modelos.

### **4.- Asuntos/ideas/suxerencias abordados:**

- Desenvolver unha plataforma REUS.
- Importancia dunha estratexia oficial de comunicación de Universidade Saudable (prensa, radio, webs, redes 2.0, etc.).
- Crear un email institucional en cada universidade saudable.
- Establecer acordo/convenio conxunto de cada Universidade co Concello correspondente (p.e. o *Ayuntamiento de Sevilla* financia un técnico de apoio para a *Universidad de Sevilla* –traballo conxunto para ambas institucións-).
- Transformar os vicedecanatos de calidade dos centros universitarios en vicedecanatos de calidade e universidade saudable.
- Outros temas

Todas as liñas/grupos de traballo establecidas desenvolveranse e publicaranse como artigo en **Gaceta Sanitaria**, para favorecer o coñecemento, desenvolvemento e implantación.

A Coruña a 28 de setembro de 2015

Prof. Sergio Santos del Riego  
Director Campus UDC≡Universidade Saudable